

Informe da Directora Xunta de Escola, 29 de xuño de 2020

1 Actividades de representación

- 4, 5 e 6 de marzo. Asistencia da directora en representación da Escola ás actividades organizadas polo Foro Tecnolóxico de Emprego.
- 5 de marzo: Asistencia da directora en representación do centro aos actos de celebración organizados pola Universidade de Vigo para a celebración do Día Internacional da Muller.
- 7 de maio: Asistencia en representación da Escola á reunión da *Conferencia de Directoras/es de Escuelas de Ingeniería de Minas y Energía (CODEIME)*.
- 7 e 8 de maio. Asistencia en representación da Escola ao acto de exposición de traballos do programa STEMBach do IES A Sangriña, programa coordinado na Facultade de Ciencias de Mar por Emilio Fernández e no que participa a profesora da Escola, Ángeles Saavedra, como titora.
- 12 de xuño. Asistencia da directora en representación do centro á reunión convocada pola *Conferencia de Directoras/es de Escuelas de Ingeniería de Minas y Energía (CODEIME)* e a *Real Academia de la Ingeniería (RAI)*.
- 12 de xuño: Asistencia da directora en representación do centro á sesión do Consello de Goberno, por invitación a asistencia con voz e sen voto, para presentar as emendas do centro ao documento “*Medidas extraordinarias e urxentes para o desenvolvemento da organización docente no curso 2020/2021 en caso de crise sanitaria*”.

2 Reorganización da actividade docente pola alarma sanitaria e peche das instalacións

A descrición da actuación do centro en relación á reorganización do ensino das titulacións do centro no período de suspensión de actividades non presenciais debido ás medidas decretadas polo RD 463/2020 do 14 de marzo, no que se declara o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID19, está recollida nos documentos solicitados á dirección do centro pola Secretaría Xeral de Universidades, enviados o día 1 de maio. Os tres documentos elaborados, un por cada titulación, recollendo as accións de reorganización das ensinanzas na modalidade non presencial, procedemento de modificación das guías docentes, atención de titorías, programa de mentorización, realización de prácticas externas e mobilidade, poden consultarse na Secretaría do centro. Ás actuacións que figuran nestes documentos habería que sumar as actuacións posteriores, principalmente as relativas á realización das probas de avaliación en modalidade non presencial.

3 Reunións de traballo e outras actividades

- 25 de marzo. Asistencia de Iago Pozo, en calidade de responsable de RRII do centro, á reunión convocada pola Vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación e a Directora da ORI para á organización da mobilidade do curso 2020-21.
- 4 de maio. Asistencia da directora á reunión convocada polo Reitor para asistir á reunión do equipo de goberno coa CEUVI.
- 13 de maio e 16 de xuño: Asistencia da directora ás reunións convocadas polo Reitor.

- 14 de maio. Asistencia de Iago Pozo, en calidade de responsable de RRII, á reunión coas persoas que coordinan a mobilidade na UVIGO, coa directora da ORI e co persoal dos servizos informáticos para tratar aspectos relacionados coa realización do contrato de estudos para o estudiantado que realice estancias de mobilidade no curso 2020-21.
- 17 de xuño. Reunión da Directora con profesorado dun IES para o desenvolvemento do Programa STEMBach do bienio 2020-22.
- 22 de xuño: Asistencia de David Patiño, en calidade de Subdirector de Infraestruturas da escola, á reunión convocada pola Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade.
- Reunións dos órganos colexiados da Escola:
 - Comisión de Calidade: 16 de abril, 30 de abril e 8 de xuño
 - Comisión Permanente: 4 de marzo, 16 de abril, 30 de abril, 21 de maio, 8 de xuño e 17 de xuño
 - Xunta de Escola: 1 de xuño e 8 de xuño
 - Comisión Académica do Máster: 16 de abril, 30 de abril, 21 de maio, 8 de xuño e 16 de xuño.
- Reunións coa Delegación de Alumnado: 24 de abril, 8 de maio, 22 de maio, 29 de maio, 5 de xuño, 12 de xuño, 19 de xuño e 26 de xuño.
- Reunión cas persoas coordinadoras das materias de grado do centro: 22 de xuño, para analizar a reorganización das ensinanzas para o curso 2020-21.

4 Mobilidade e internacionalización

— Mobilidade 2020/21 (alumnado)

No mes de marzo publicáronse as listaxes de alumnado admitido nos programas de mobilidade para o curso 2020/21. A listaxe actualizada a data de hoxe é a seguinte.

Universidade adxudicada	País	Período adxudicado
Mobilidade Erasmus +		
AGH University of Science and Technology	Polonia	1º cuatrimestre
AGH University of Science and Technology	Polonia	1º cuatrimestre
VSB- Technical University of Ostrava.	República Checa	1º cuatrimestre
AGH University of Science and Technology	Polonia	1º cuatrimestre
AGH University of Science and Technology	Polonia	Anual
National Technical University of Athens	Grecia	1º cuatrimestre
Karlstad University	Suecia	Anual
Universitatea Politehnica Timisoara	Romanía	1º cuatrimestre
AGH University of Science and Technology	Polonia	1º cuatrimestre
AGH University of Science and Technology	Polonia	Anual
Mobilidade SICUE		
Universitat Politècnica de Catalunya	España	2º cuatrimestre
Universidad del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea	España	Anual

— Mobilidade 2020/21 (profesorado)

Para o programa de mobilidade de centro **ERASMUS+ KA107** hai só unha solicitude para a mobilidade de profesorado da EEME a Chile e dentro do mesmo programa hai dúas solicitudes de

movibilidade de profesorado da *Universidad Católica de Norte de Antofagasta* á Universidade de Vigo. Nas próximas semanas reunírase a Comisión de Avaliación para resolver a adxudicación de prazas. Agrádecese a Iago Pozo a coordinación das actividades de movibilidade do centro.

5 Igualdade

— Charla-coloquio

O 11 de marzo impartíuse a charla-coloquio: “*A muller nos estudos de enxeñaría da UVIGO. Actualización da situación académica e de egreso*”. Presentáronse os resultados máis relevantes do proxecto “*Rendemento académico e egreso das mulleres nos graos de Enxeñaría da UVIGO*”, a cargo de Teresa Rivas Brea, IP do proxecto e Enlace de Igualdade da Escola.

Agrádecese a Teresa Rivas a impartición da conferencia.

— MULLE.Rme 2020

Organizouse a segunda edición do concurso de fotografía MULLE.Rme, O concurso concíbese co obxectivo de dar visibilidade, a través da fotografía, á muller nas actividades relacionadas coa profesión de enxeñaría de minas e enerxía. Presentáronse un total de 27 fotografías e as gañadoras do concurso foron:

- Primeiro Premio: “*Río Tinto*” de Fernando Díaz
- Segundo Premio: “*Dividindo el trabajo, multiplicando el resultado*” de Nuria Mouronte
- Accésit: “*Reflexión*” de Candela Lago.

A entrega dos premios e a exposición das fotografías realizouse o día 11 de marzo nun acto organizado no centro. Agrádecese aos membros do xurado a súa colaboración: Pablo Eguía (PDI), Marta Suárez (PAS), Belén Parente e Santiago Domínguez (estudantado) e Teresa Rivas (Enlace de Igualdade).

Agrádecese a Teresa Rivas e Iago Pozo o traballo realizado tanto no desenvolvemento do concurso como na organización do acto.

— Solicitud de financiación

Teresa Rivas, en calidade de Enlace de Igualdade do centro, presentou unha solicitude de financiación de 1540 € para a organización de actividades docentes que promovan a perspectiva de xénero na Escola. En particular solicitouse axuda para realizar dúas actividades: (i) Impartición dunha conferencia sobre sesgo de xénero nas aulas universitarias e mesa redonda e (ii) Seminario sobre o uso da linguaxe inclusiva e elaboración de materiais docentes non sexistas na docencia no ámbito universitario da enxeñaría. Ambas actividades están previstas para realizar en outubro. Concedeuse unha axuda de 1000 €.

Actualmente están traballando na organización das actividades Teresa Rivas e Javier Vijande, aos que se agradece o traballo que están a desenvolver.

6 Calidade

— Informe Revisión pola Dirección

Está a elaborarse o documento do Informe de Revisión pola Dirección que será presentado na próxima sesión da Comisión de Calidade e da Xunta de Escola.

— Re-certificación do SGIC do centro

O 4 de maio a Área de Calidade enviou ao centro un documento elaborado partindo do documento de Seguimento do Plan de Melloras da última revisión da Certificación do Sistema de Garantía de Calidade do centro (xaneiro 2018). É a base para o documento que o centro terá que enviar á ACSUG no proceso de Re-certificación do Sistema de Calidade do centro previamente á visita da ACSUG.

— Realización das enquisas de satisfacción coas titulacións

O 10 de marzo a Área de Calidade informa do inicio da realización das enquisas de satisfacción coas titulacións (graos e titulacións de máster) do curso 2019/2020, ata o 31 de maio. Sinala que o alumnado participante é o de grao que se matricula por primeira vez nunha materia de terceiro curso e o de máster que se matricula por primeira vez.

O 20 de maio a Área de Calidade informa da ampliación do período de realización das enquisas de satisfacción do alumnado ata o 31 de xullo e sinala que a evolución da participación se estancou en xeral. A participación na EE de Minas e Enerxía é a data actual do 25 % de participación do alumnado en todas as titulacións do centro. Enviarase desde a dirección un correo recordatorio sobre as datas de realización das enquisas.

— Realización das enquisas de avaliación docente

O 11 de maio a Área de Calidade informa da realización, en liña, das enquisas de avaliación docente do 2º cuatrimestre do curso 2019-2020 e aclara as pautas a seguir no seu desenvolvemento e as limitacións deste procedemento.

Tamén cabe sinalar que o 4 de maio a Área de Calidade informa do inicio da realización dunha enquisa ao alumnado da UVIGO sobre a satisfacción co desenvolvemento da docencia non presencial polo COVID19. A enquisa realizouse de modo online para todo o alumnado de graos e titulacións de máster mediante o envío dun correo coa invitación e aínda non se enviaron os resultados aos centros.

7 Actividades nas que participa o centro

— I Curso de Xeoloxía Práctica

O profesor Bienvenido Díez, en coordinación coa dirección da Escola, organizou o curso de extensión universitaria “I Curso de Xeoloxía Práctica”, previsto para realizar en Palencia do 13 ao 17 de xullo de 2020. A resolución e realización do curso está paralizada. O obxectivo do curso é trasladar ao alumnado a contornas xeolóxicas diferentes ás que se atopan no territorio da comunidade autónoma galega. Coa realización deste tipo de cursos prácticos de xeoloxía o noso alumnado podería adquirir coñecementos sobre o terreo que permita caracterizar o medio xeolóxico. Agradécese ao profesor Bienvenido Díez o traballo realizado no relativo á organización do curso e presentación da solicitude.

— Acto de Despedida do alumnado do Máster

O 18 de xuño celebrouse o Acto de Despedida do estudantado da V promoción do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas. O acto celebrouse en modalidade non presencial, a través do Campus Remoto e foi transmitido en directo a través de UVIGO TV. Organizouse como un acto máis informal que o tradicional Acto de Graduación e contou coa participación da Vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantado e Extensión Universitaria, o Delegado do COIMNE, o Padriño da Promoción (profesor Javier Taboada Castro) e profesorado e alumnado do Máster.

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/tempos-coronavirus-ee-minas-enerxia-despide-os-seus-primeiros-egresados-virtuais>

O acto foi conducido por Iago Pozo. Agradécese a todas as persoas que participaron no mesmo a súa colaboración e agradécese a María Araújo a organización do acto e o interese e ilusión por que fora adiante.

8 Programa de Mentorización

Durante o período de suspensión de actividades presenciais o programa de Mentorización funcionou correctamente. En particular solicitouse as persoas mentoras que se puxesen en contacto cos seus grupos de *mentees* para coñecer como se atopaban e se tiñan algún problema de adaptación á nova situación. O alumnado trasladou que en liñas xerais atopábase ben, que tiña dúbidas sobre a nova forma de avaliación, sobre a carga de traballo e a reorganización das actividades formativas. Cabe sinalar que estes contactos realizáronse ao principio do período de confinamento. A comunicación e o contacto entre mentores/as e *mentees* mantense activo e funciona correctamente.

Durante o estado de alarma levouse a cabo unha campaña de captación de persoas mentoras. Mostraron o seu interese seis estudantes de grao da Escola que para o curso 2020-21 comezarían a súa formación para incorporarse ao equipo de mentorización MEET-Uvigo.

O 4 de marzo celebrouse a última sesión desde curso na que se abordou o tema “Competencias e fortalezas: novos obxectivos. Incorporación de novos comportamentos”. Non se celebraron as sesións 7ª e 8ª.

Agradécese o traballo realizado polas persoas mentoras e coordinadoras do programa de mentorización do centro.

9 Actividades de divulgación

— Elaboración de materiais informativos das titulacións

Elaboráronse os trípticos actualizados das titulacións de grao do centro, para recoller as modificacións dos plans de estudo e actualizar contidos, formato e estrutura deste material.

— Participación na Feira de Minerais

A Escola participou na Feira de Minerais celebrada os días 5 de marzo en Santiago de Compostela. Participaron no desenvolvemento da actividade Bienvenido Diez, Teresa Rivas, Iván Garrido e Iago Pozo.

Agradécese as persoas que participaron no desenvolvemento da actividade a súa colaboración e a Iago Pozo a coordinación da actividade.

— Participación na Xornada de Orientación Universitaria

Iago Pozo participou na actividade en representación da Escola na Xornada, que se realizou en modalidade non presencial.

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/caladoiro-virtual-estudantado-curso-2020-2021>

— Participación no Programa STEMBach

En relación ao programa STEMBach do bienio 2019-21, no proxecto, que está coordinado na Escola por David Patiño, estanse a titorizar 6 alumnos do IES A Paralaia por David Patiño e Raquel

Pérez. As actividades presenciais previstas para a súa realización no curso 2019/20 realizáronse con normalidade nos laboratorios do grupo de Tecnoloxías Enerxéticas. Agradécese o traballo realizado por David Patiño e Raquel Pérez.

En relación ás propostas para o bienio 2020-22 o centro presentou 4 proxectos e estase en contacto con profesorado doutro IES para participar nun proxecto novo.

— Participación na Xornada de Portas Abertas

O día 25 de xuño celebrouse a Xornada de Portas Abertas en modalidade non presencial. Está previsto realizar dúas ou tres sesións máis. Agradécese a participación nas Xornadas de María Araújo e David Patiño, coordinadores dos graos do centro, Iago Pozo, que conduciu o acto e a participación de Alejandro Casal, Santiago Domínguez, Carmen Pereira, Alma Vivas e María Pazo en representación do alumnado.

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/ee-minas-enerxia-achegou-sua-oferta-academica-ao-alumnado-bacharelato-nunha-xornada-portas-abertas>

— Campaña “Que facemos?”

O día 1 de xuño o centro puxo en marcha en RRSS unha nova campaña co obxectivo de dar visibilidade aos nosos ámbitos de traballo. O nome da campaña é “*Que facemos?*”. Cada dous/tres días publícase un *post* que recolle o traballo que están a desenvolver persoas egresadas da escola. Estes *posts* van acompañados de vídeos promocionais da Escola.

<https://tv.uvigo.es/video/5b768a0e8f420834056259c5>

Exemplos nas nosas redes sociais:

INSTAGRAM

<https://www.instagram.com/escuelaminasyenergiavigo/?hl=es>

FACEBOOK

https://www.facebook.com/escuelaminasyenergiavigo/?_tn=kc-R&eid=ARCV3Ozn5beMvLsmDixgy-Kcaiw6JjTB9-09btqU-S7VsQkAhZPsktmathcQMN8CzDDGC8aNEic04Fm&hc_ref=ARSEjsPTS0khpztlmu8oz6TmS4n0boTYxUltOX_g4tOSJ5Gb9uzuzvIDWRliUVyAK4c&fref=nf

TWITTER

https://twitter.com/eme_vigo?lang=es

— Visitas á EME para participar na Aula Aberta á TecnoCiencia

Data	Centro	Participantes	Curso	Nº alumnado
27-feb-20	CPI Cova Terreña (Baiona)	Iago Pozo, Raúl Figueroa e David Patiño	3º ESO	37
05-mar-20	IES Lama das Quendas (Chantada)	Elena Alonso, Roi Otero e Raúl Martínez	1º e 2º Bach	25
11-mar-20	IES Johan Carballeira (Bueu)	David Patiño, Roi Otero, Raúl Figueroa e Manuel Alejandro Fernández	1º e 2º Bach	60

— Visitas á Escola organizadas a través do SIE

Data	Centro	Participantes	Curso	Nº alumnado
28-feb-20	IES As Barxas + IES Valmiñor	Enrique Alonso	2º bach	15
04-mar-20	IES Mediño e IES Pazo da Merce	Iago Pozo	2º bach	18
05-mar-20	IES Castelao	Elena Alonso	2º bach	20

— Visitas da EME a centros

Data	Centro	Participantes	Curso	Nº alumnado
11-mar-20	IES As Mariñas	Benito Vázquez	1º e 2º Bach	44
12-mar-20	IES Pintor Colmeiro	Benito Vázquez	2º Bach	31

Agradécese a todas as persoas que participaron nestas actividades a súa colaboración. Agradécese a Iago Pozo o labor de organización e coordinación destas actividades.

— Concursos

No relativo ao desenvolvemento dos concursos tivéronse que aprazar as entregas dos equipos; finalmente substituíuse o envío do equipo á Escola polo envío dun vídeo amosando o seu funcionamento. Dos concursos convocados polo centro presentouse un equipo ao concurso ENFOCA.RME 2020 e 6 equipos ao concurso ENERXIZA.RME 2020. Ao longo desta semana convocárase aos xurados para decidir os equipos gañadores.

10 Información de procedementos administrativos e/ou académicos

— Guías docentes

O 15 de xuño a Unidade Administrativa de Calidade envía as instrucións para a elaboración das guías docentes para o curso 2020-21 e informa dos prazos de apertura da plataforma DOCNET: do 16 ao 22 de xuño para os coordinadores dos títulos e dende o 22 de xuño ata o 30 de xullo para todo o profesorado. Indícase a inclusión da nova pestana *Circunstancias Excepcionais* na que o profesorado encargado desa materia poderá incluír os aspectos que se precisen modificar nas guías no caso de que se determine algunha actuación neste sentido derivada dos criterios de seguridade. A Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado publica o 23 de xuño a instrución sobre a elaboración das guías docentes; nela se fixa como data límite para que as guías estean pechadas na aplicación o 15 de xullo, permitindo a súa aprobación formal con posterioridade nas Xuntas de Centro.

— Calendario escolar

No relativo á realización das probas ABAU as probas realizaranse os días 7, 8 e 9 de xullo e 15, 16 e 17 de setembro. No Consello de Goberno aprobouse que o curso académico comeza o día 21 de setembro para o primeiro curso.

No relativo ao comezo de curso de 2º, 3º e 4º cursos, a Resolución Reitoral de 17 de xuño establece que *“entre o luns 7 e o venres 18 de setembro, agás no primeiro curso dos estudos de grao, poderán levarse a cabo as actividades académicas propostas polas direccións dos centros, previa aprobación polas súas Xuntas de Facultade ou Escola, que deberán ser ratificadas pola COAP, e do que será informado o Consello de Goberno”*.

Cabe sinalar que na orde do día do Consello de Goberno que se celebrará o día 1 de xullo figura un punto relativo á modificación do calendario escolar da Universidade, polo que aínda os centros non dispoñen de información precisa relativa aos marxes de actuación.

— Convocatoria de matrícula en estudos de grao

O 29 de maio publicouse a Resolución Reitoral da convocatoria de admisión e matrícula nas ensinanzas de grao da Universidade de Vigo para o curso 2020/21.

— Convocatoria de matrícula en estudos de máster

O 12 de xuño publicouse a Resolución Reitoral da convocatoria de admisión e matrícula nas ensinanzas de posgraduado da Universidade de Vigo para o curso 2020/21.

No relativo ao calendario de preinscrición de matrícula para titulacións de máster está aprobado en termos similares aos de cursos anteriores, con tres prazos de preinscrición e matrícula: (i) primeiro prazo do 25 de xuño ao 1 de xullo, (ii) segundo prazo do 26 de agosto ao 1 de setembro e (iii) terceiro prazo, a petición da CAM, do 28 ao 30 de setembro.

— Modificación titulacións de Grao

Con data 2 de abril recibíronse os informes provisionais de avaliación das propostas de modificación das titulacións de grao do centro e presentáronse as alegacións aos informes provisionais no prazo habilitado por ACUSG. Con data 21 de abril recibíronse os informes definitivos favorables á modificación das dúas titulacións.

No relativo ao proceso de implantación de primeiro curso á data actual están cargadas as competencias das dúas titulacións na plataforma DocNet en castelán, galego e inglés e habilitarase o prazo para elaborar as guías docentes. Para as materias de primeiro curso dos plans actuais, o alumnado ten dereito a avaliación nos cursos 2020/21 e 2021/22.

— Defensa TFG. Convocatoria de Xuño

O pasado 19 de xuño tivo lugar o acto de exposición pública en formato non presencial dos TFM da convocatoria de xuño. Defendéronse 4 TFM.

No caso dos TFG defendéronse o día 26 de xuño, tamén en formato non presencial: 2 do Grao en Enxeñaría da Enerxía e 5 do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.

— Incidencias rexistradas na realización de probas de avaliación non presenciais

O 17 de maio a Universidade publica o “Plan de continxencias para as probas de avaliación”, documento que recolle un conxunto de recomendacións de actuación ante os imprevistos xurdidos na realización dos exames na modalidade non presencial. O 18 de maio a dirección envía un e-mail ao profesorado e alumnado das titulacións do centro achegando un comunicado no que informa da publicación do documento, extracta as medidas máis relevantes do devandito plan e proporciona os datos de contacto propios do centro para o rexistro das eventuais incidencias. A data actual rexistráronse 8 incidencias na realización de probas de avaliación correspondentes a 4 materias que se solucionaron. Na actualidade hai en proceso catro incidencias de dúas materias.

— Solicitud ao COIMNE

Solicitouse ao COIMNE a dotación de dúas bolsas de axuda ao estudo para estudantes de novo ingreso no Máster en Enxeñaría de Minas (dúas bolsas de 500 €/bolsa) e foron concedidas.

11 Persoas egresadas

A Sociedade Española de Mecánica de Rochas outorgou o seu Premio anual á mellor tese de doutoramento, concedéndolle unha Mención Honorífica á investigación realizada polo investigador Ignacio Pérez Rey, egresado da escola, pola súa tese defendida en 2019 na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía e dirixida polo profesor Leandro Alejano, do grupo de investigación Explotación de Minas da Universidade de Vigo.

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/sociedade-espanola-mecanica-rochas-premia-tese-viguesa>

12 Actividades desenvolvidas polos membros da comunidade universitaria do centro

12.1 Foro Tecnolóxico de Emprego

Os días 4, 5 e 6 de marzo celebrouse o Foro Tecnolóxico de Emprego, participando na organización do evento alumnado dos tres centros do ámbito tecnolóxico do campus.

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/foro-tecnologico-emprego-recolle-mais-medio-milleiro-curriculos-formato-dixital>

Agradécese o traballo desenvolvido polo alumnado do centro que participou na organización do evento, especialmente aos coordinadores Marta Caride, Laura Andrés e Manuel Costa.